



MERCADO LABORAL GALEGO

Ano 2021

Cando aínda non nos recuperamos, especialmente en termos de emprego, da forte crise económica dos anos 2008/09 (en Galiza estímase 91.300 persoas en activo e 29.700 persoas ocupadas menos que nesa data), esta nova crise veu afondar aínda máis na xa precaria situación na que estabamos inmersos, sendo, novamente, as persoas en activo e as ocupadas as que sufriron un maior revés.

A crise non pasou, mesmo se deixou notar no ano 2021, sobre todo en determinadas actividades económicas que continuaron sufrindo restricións (como foi o caso da hostalaría entre outras), polo que aínda non se pode considerar un ano “normal”. Mais si se produciu un aumento importante da actividade económica e polo tanto de recuperación do emprego con respecto ao ano anterior, 2020, incremento por outra parte previsíbel pola forte caída que todos os indicadores macroeconómicos padeceran no ano 2020, ao estar a actividade económica paralizada unha parte do ano.

É por isto polo que consideramos máis rigoroso facer as comparacións co ano 2019, ano previo á crise económica provocada pola covid-19, e polo tanto dar unha idea máis aproximada ao que está a acontecer no mercado de laboral, intentando medir a pegada da pandemia, feito que non se consegue se medimos as variábeis ao ano 2020.

As restricións foron semellantes en todo o Estado español. As medidas aplicadas para paliar a situación, tamén. Porén, a recuperación da situación laboral en Galiza queda lonxe da media do Estado.

Comezamos, así, comparando a evolución da ocupación do mercado laboral galego, co do resto das comunidade e a media estatal, para medir o alcance da “recuperación”.

Ao contrario que na media do Estado, en Galiza non se acadaron os niveis de ocupación anteriores a crise económica provocada pola pandemia.

Poboación ocupada por comunidades.

	<i>Evolución 21/19</i>				
	2021	2020	2019	Absoluta	%
Andalucía	3.151,1	3.021,1	3.119,8	31,3	1,0
Aragón	579,7	569,9	587,6	- 7,9	-1,4
Asturias	390,8	381,1	387,0	3,7	1,0
Balears, Illes	552,9	528,2	571,2	- 18,3	-3,3
Canarias	861,2	849,8	905,9	- 44,8	-5,2
Cantabria	244,5	234,4	243,8	0,7	0,3
Castela e León	976,6	964,7	990,8	- 14,2	-1,5
Castela - A Mancha	847,2	798,4	825,1	22,1	2,6
Catalunya	3.442,1	3.335,8	3.440,7	1,4	0,0
Valencia	2.060,5	2.020,4	2.087,3	- 26,8	-1,3
Extremadura	396,4	380,3	390,7	5,7	1,4
Galiza	1.085,1	1.074,2	1.095,2	- 10,1	-0,9
Madrid	3.134,2	3.045,6	3.099,0	35,3	1,1
Murcia	641,5	606,9	613,8	27,7	4,3
Navarra	283,6	278,4	288,9	- 5,3	-1,9
País Vasco	927,7	917,6	936,1	- 8,4	-0,9
A Rioxa	140,2	137,9	140,6	- 0,5	-0,3
Total	19.773,6	19.202,4	19.779,3	- 5,7	0,0

Fonte: EPA.INE

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EPA.

De media, no Estado español en 2021, acadouse o nivel de ocupación previo a crise do ano 2019.

En Galiza, aínda estamos por debaixo daqueles niveis de emprego. A pesar de que respecto a 2020 se produciu un medre importante no número de persoas ocupadas, con respecto a 2019 a nivel de ocupación é un 0,9% inferior, o que en termos absolutos significa 10.100 persoas con emprego menos. É a sexta comunidade con peor rexistro de perda de postos de traballo neste período.

Máis ou menos a metade das comunidade, superan o número de persoas ocupadas con respecto a 2019, encabezando a lista Murcia, onde hai un 4,3% máis de persoas ocupadas. As Illas, tanto as Canarias como as Balears, debido á forte dependencia do turismo, son ás que se lles estiman os peores comportamentos de emprego desta penúltima crise.

Galiza, a pesar de ser Ano Xacobeo, e de ter un peso importante en actividades consideradas esenciais (como a de alimentación), non foi quen de superar a situación. Talvez a explicación haxa que buscala na forte crise industrial que estamos padecendo, na que a pandemia non tivo nada que ver.

Afondando na situación en Galiza, comezamos pola evolución das principais variábeis que describen o noso mercado de traballo.

Principais variábeis básicas.

	Total			<i>Variación 21/19</i>	
	2019	2020	2021	Absoluta	%
<i>Total</i>	2.335,30	2.339,00	2.340,90	5,60	0,2
<i>Activos</i>	1.241,10	1.220,90	1.228,20	-12,90	-1,0
<i>Poboación ocupada</i>	1.095,20	1.074,20	1.085,10	-10,10	-0,9
<i>Poboación parada</i>	145,9	146,7	143,1	-2,80	-1,9
<i>Inactivos</i>	1.094,20	1.118,10	1.112,70	18,50	1,7

Fonte: EPA.INE

Desde o ano 2019 produciuse un incremento de 5.600 persoas da poboación con máis de 16 anos en Galiza, é dicir, da poboación en idade de traballar, mais este incremento perde consistencia cando se desagrega entre os distintos compoñente que o forman, xa que este medre vén acompañado dun forte incremento da poboación inactiva (18.500 persoas máis) e dun descenso da activa de 12.900 persoas.

Forte medre da poboación inactiva e descenso da poboación activa desde o ano 2019 en Galiza.

Ademais, o descenso da poboación activa débese tanto á caída da ocupación como ao descenso do desemprego; é dicir, nin tan sequera a caída da ocupación se tornou en medre do desemprego (co que se podería recuperar para a actividade a curto/medio prazo), senón que incluso este descendeu, agravando así a caída da poboación activa.

Poboación activa

Comezamos analizando a poboación activa por idades.

Evolución da poboación activa por idade.

	2019	2020	2021	Variación 21/19	
				Absoluta	%
<i>Total</i>	1.241,10	1.220,90	1.228,20	-12,90	-1,0
<i>de 16 a 19 anos</i>	8,4	7,1	6,2	-2,20	-26,2
<i>de 20 a 24 anos</i>	48,2	44,3	44,1	-4,10	-8,5
<i>de 25 a 29 anos</i>	98,2	93,8	93,8	-4,40	-4,5
<i>de 30 a 34 anos</i>	125,2	116,8	113,2	-12,00	-9,6
<i>de 35 a 39 anos</i>	165,8	156,2	151,6	-14,20	-8,6
<i>de 40 a 44 anos</i>	202,1	197,2	192,5	-9,60	-4,8
<i>de 45 a 49 anos</i>	187,4	186,9	191,3	3,90	2,1
<i>de 50 a 54 anos</i>	170	169,4	174,9	4,90	2,9
<i>de 55 a 59 anos</i>	138,3	142	147,5	9,20	6,7
<i>de 60 a 64 anos</i>	82	89,7	94,7	12,70	15,5
<i>de 65 e máis anos</i>	15,5	17,4	18,4	2,90	18,7

Fonte: EPA.INE

Non só se produce unha perda importante de poboación activa, senón que esta perda se estima unicamente entre a poboación máis nova, agravando un ano máis o forte avellentamento da poboación activa galega.

A poboación activa descende, unicamente, entre os menores de 45 anos.

De media hai un 1% menos de poboación activa que no ano 2019, 12.900 persoas menos. Ata os 45 anos descendeu a poboación activa en todos os

grupos de idade, a partir desta idade aumentou. No ano 2019, a poboación activa con menos de 45 anos representaba o 52,2% da poboación activa total; de media no ano 2021 esta porcentaxe baixou ata ao 48,9%, 3 puntos menos.

Os maiores descenso producíronse entre os 30 e os 40 anos; e os maiores medres, a partir dos 60 anos.

Por sexos, as mulleres foron as máis prexudicadas.

Poboación activa segundo sexo.

	Total			Variación 21/19	
	2019	2020	2021	Absoluta	%
<i>Total</i>	1.241,10	1.220,90	1.228,20	-12,90	-1,0
<i>Homes</i>	643	638,5	639	-4,00	-0,6
<i>Mulleres</i>	598	582,4	589,2	-8,80	-1,5

Fonte: EPA.INE

Perdeuse o dobre de poboación activa entre as mulleres que entre os homes, un 1,5% fronte a un 0.6% entre os homes.

Así, a taxa de actividade sitúase no 52,5%, 6 décimas menos que no ano 2019. Esta caída foi de 8 décimas entre as mulleres e de 5 entre os homes, quedando a taxa de actividade feminina no 48,3% e a masculina no 57,1%, 8,8 puntos porcentuais de diferenza.

Poboación ocupada

No que atinxe á ocupación, son varias as variábeis a analizar para medir os efectos desta última crise no que ten a ver coa devandita ocupación, xa que non só se perderon postos de traballo, senón que mudaron as condicións laborais da poboación.

En Galiza, aínda se estiman 10.100 empregos menos que hai dous anos, e apenas se recuperou a metade do emprego perdido durante o ano 2020. Pero non só non se recuperou o emprego, senón que a incidencia foi desigual dependendo do sexo, a rama de actividade...

Comezando pola evolución do volume global de emprego.

Poboación ocupada segundo sexo. Datos en miles

	2019	2020	2021	Variación 21/19	
				Absoluta	%
<i>Total</i>	1.095,20	1.074,20	1.085,10	-10,10	-0,9
<i>Homes</i>	573,9	569	571,3	-2,60	-0,5
<i>Mulleres</i>	521,2	505,3	513,8	-7,40	-1,4

Fonte: EPA.INE.

Dos 10.100 postos de traballo menos que aínda se estiman en Galiza con respecto a 2019, o 73% correspóndense con mulleres. Foron polo tanto estas as máis prexudicadas polos efectos da pandemia no mercado laboral, e iso, a pesar do importante peso que teñen as mulleres nas consideradas actividades esenciais que se puxeron de manifesto a raíz desta crise sanitaria.

Perdeuse máis emprego entre as mulleres que entre os homes.

Grosso modo, por sectores, a evolución foi moi desigual.

Poboación ocupada segundo sector económico.

	2019	2020	2021	Variación 21/19	
				Absoluta	%
<i>Total</i>	1.095,20	1.074,20	1.085,10	-10,10	-0,9
<i>Agricultura, gandería, Caza e silvicultura</i>	49,9	49,4	47,1	-2,80	-5,6
<i>Pesca e acuicultura</i>	16,8	19,7	20,3	3,50	20,8
<i>Industria</i>	179,4	182,4	170,7	-8,70	-4,8
<i>Construción</i>	70,1	75,1	72,7	2,60	3,7
<i>Servizos</i>	778,9	747,7	774,4	-4,50	-0,6

Fonte: EPA.INE.

A crise industrial que está padecendo Galiza queda manifesta á vista dos datos anteriores. Precisamente no sector industrial se estima que o emprego descendeu en 8.700 persoas con respecto a 2019, unha caída da ocupación do

4,8%. É, xunto co sector servizos, onde se producen os descenso maiores. Tamén no sector agrario e gandeiro descendeu a ocupación.

Pola contra, tanto na pesca como na construción hai máis persoas empregadas que no ano 2019.

A evolución por ramas de actividade permítenos precisar en maior medida a evolución sectorial.

	Total			Variación 21/19	
	2019	2020	2021	Absoluta	%
<i>Total</i>	1.095,20	1.074,20	1.085,10	-10,10	-0,9
<i>Agricultura, gandería</i>	49,9	49,4	47,1	-2,80	-5,6
<i>Pesca e acuicultura</i>	16,8	19,7	20,3	3,50	20,8
<i>Industrias extractivas</i>	4,4	4,5	4,1	-0,30	-6,8
<i>Industria manufactureira</i>	164,8	165,7	155,3	-9,50	-5,8
<i>Enerxía, auga</i>	10,1	12,2	11,3	1,20	11,9
<i>Construción</i>	70,1	75,1	72,7	2,60	3,7
<i>Comercio</i>	170,4	161,5	169	-1,40	-0,8
<i>Transporte</i>	47,9	47,2	52,3	4,40	9,2
<i>Hostalaría</i>	81,9	71,2	64	-17,90	-21,9
<i>Act. financeiras, inmobiliarias e profesionais</i>	152,4	144,1	158,2	5,80	3,8
<i>Administración pública</i>	69,9	69,1	71,2	1,30	1,9
<i>Educación</i>	69,3	72,6	71,8	2,50	3,6
<i>Actividades sanitarias e de servizos sociais</i>	105,3	105,9	109,3	4,00	3,8
<i>Resto de servizos</i>	81,8	76	78,6	-3,20	-3,9

Fonte: EPA.INE.

Dentro do sector industrial, o emprego perdeuse na industria manufactureira, cun 5,8% menos de persoas ocupadas que no ano 2019 (9.500 empregos menos); na industria extractiva, aínda que porcentualmente a caída foi maior, en termos absolutos o descenso foi de 300 persoas. O incremento da ocupación na rama enerxética (que forma parte do sector industrial) mitigou levemente a caída global do sector.

É de salientar, dentro do sector servizos, a elevada perda de postos de traballo na hostalaría, xa que se estima que descendeu a ocupación nesta rama de actividade un 21,9% desde o ano 2019 (17.900 postos de traballo menos); foi xunto con comercio e o resto de servizos, onde se perdeu emprego.

No resto das ramas de servizos medrou a ocupación, pero non foron capaces de compensar esta forte caída, rematando o ano cun 0,6% menos de empregos no devandito sector. Foi nas ramas cun maior peso do sector público: actividades sanitarias, educación e administración pública, onde se

estimaron os medres máis importantes. Estas ramas de actividade foron as que máis reforzo necesitaron a causa da pandemia, polo que esta repunta do emprego é pasaxeira; de feito, en educación xa descendeu a ocupación con respecto a 2020.

Que sexan maioritariamente persoas asalariadas con contrato temporal, como veremos máis adiante, tamén confirma a provisionalidade destes empregos.

A poboación ocupada descendeu entre a poboación máis nova.

Poboación ocupada segundo idade.

	Total			Variación 21/19	
	2019	2020	2021	Absoluta	%
<i>Total</i>	1.095,20	1.074,20	1.085,10	-10,10	-0,9
<i>de 16 a 19 anos</i>	4,9	3,9	3,4	-1,50	-30,6
<i>de 20 a 24 anos</i>	35,9	30,5	30,7	-5,20	-14,5
<i>de 25 a 29 anos</i>	81,5	73,4	74,4	-7,10	-8,7
<i>de 30 a 34 anos</i>	109,3	100,5	97,1	-12,20	-11,2
<i>de 35 a 39 anos</i>	147,6	138,9	135,4	-12,20	-8,3
<i>de 40 a 44 anos</i>	181,8	178,8	175,7	-6,10	-3,4
<i>de 45 a 49 anos</i>	169,9	168,4	175	5,10	3,0
<i>de 50 a 54 anos</i>	151,7	152,9	158,8	7,10	4,7
<i>de 55 a 59 anos</i>	124,5	128,6	131,5	7,00	5,6
<i>de 60 a 64 anos</i>	72,9	81,4	85,8	12,90	17,7
<i>de 65 e máis anos</i>	15,2	16,9	17,3	2,10	13,8

Fonte: EPA.INE.

No ano 2019, o 51,2% da poboación ocupada en Galiza tiña menos de 45 anos. Logo de dous anos, a porcentaxe desa idade descendeu ata o 47,6%. Ou o que é o mesmo, máis da metade da poboación ocupada en Galiza ten máis de 45 anos, un novo paso no xa grave problema de avellentamento da poboación ocupada. En conxunto, hai 44.300 persoas menores de 45 anos empregadas menos; e 34.200 maiores de 45 anos, máis que no ano 2019.

O 52,4% da poboación ocupada galega ten máis de 45 anos.

Os maiores descensos da ocupación, con respecto a 2019, en termos absolutos, producíronse entre a poboación de 30 a 40 anos; neste tramo de idade, baixaron as persoas empregadas en 24.400.

Pola contra, o maior incremento produciuse entre a poboación con idades comprendidas entre 60 e os 64 anos.

Poboación ocupada por provincias.

	2019	2020	2021	<i>Variación 21/19</i>	
	Total	Total	Total	Absoluta	%
<i>Galiza</i>	1.095,20	1.074,20	1.085,10	-10,10	-0,9
<i>A Coruña</i>	476,9	456,6	458	-18,90	-4,0
<i>Lugo</i>	134,7	134,5	136,5	1,80	1,3
<i>Ourense</i>	111,9	112,8	115,1	3,20	2,9
<i>Pontevedra</i>	371,7	370,4	375,5	3,80	1,0

Fonte: EPA.INE.

Todo o emprego destruído en Galiza desde o ano 2019 se concentra na provincia da Coruña; no resto das provincias, mesmo aumentaron as persoas ocupadas con respecto a 2019.

A provincia da Coruña, a máis afectada pola perda de ocupación.

No que atinxe á provincia da Coruña, a destrución de emprego concéntrase especialmente en dúas actividades económicas: industria manufactureira, con 9.600 persoas empregadas menos, e hostalaría, cunha perda de 9.900 empregos. Só o incremento do emprego en actividades sanitarias e de servizos sociais e na pesca deu compensado levemente esta forte caída.

Pontevedra foi a provincia na que se estima un mellor comportamento da ocupación.

Persoas ocupadas segundo situación profesional.

	2019	2020	2021	<i>Variación 21/19</i>	
	Total	Total	Total	Absoluta	%
<i>Total</i>	1.095,20	1.074,20	1.085,10	-10,10	-0,9
<i>Empresario/a con asalariados/as</i>	65,7	63,4	68,4	2,70	4,1
<i>Traballador/a independente ou empresario sen asalariados/as</i>	143,6	135,9	133	-10,60	-7,4
<i>Membro dunha cooperativa</i>	1,8	1,5	1,4	-0,40	-22,2
<i>Axuda na empresa ou negocio familiar</i>	5,5	4,5	5,4	-0,10	-1,8

<i>Asalariado/a do sector público</i>	187,4	195,2	199,3	11,90	6,4
<i>Asalariado/a do sector privado</i>	691	673,4	677,1	-13,90	-2,0
<i>Outra situación</i>	0,2	0,4	0,5	0,30	150,0

Fonte: EPA.INE.

Foi o incremento do persoal asalariado no sector público o que tirou da ocupación nestes dous últimos anos, e permitiu que a caída global da ocupación non acadase valores máis elevados. De media aumentaron as persoas asalariadas no sector público un 6,4% (11.900 máis), o que, xunto ao medre de 2.700 empresarios/as con asalariados/as, compensou o forte descenso do persoal asalariado no sector privado da economía (13.900 menos) e das persoas autónomas, que descendieron un 7,4%, 10.600 menos.

Forte descenso do persoal asalariado do sector privado.

Segundo sexo, son os homes empresarios sen asalariados, os coñecidos como autónomos, os que máis perden emprego; entre as mulleres o emprego descende basicamente entre as asalariadas do sector privado.

Centrando a análise no emprego asalariado, é conveniente distinguirmos entre o sector público e o privado, especialmente neste contexto, onde as evolucións son totalmente dispares. Mentres o persoal asalariado a cargo do sector público medrou un 6,4%, no sector privado reduciuse a actividade das persoas asalariadas un 2%; en conxunto, o emprego asalariado baixou un 0,2%, situándose en 876.400. O peso do sector público no emprego asalariado é do 22,7%; antes da pandemia o peso deste sector era do 21.3%.

Ademais da tendencia, se esta poboación a desagregamos por tipo de contrato, os resultados non son nada alentadores, e percíbese unha forte disparidade entre a evolución dos dous sectores, público e privado.

Poboación asalariada segundo tipo de contrato e sector público ou privado.

	Total		2021	Variación 21/19	
	2019	2020		Absoluta	%
<i>Total</i>					
<i>Asalariados/as</i>	878,3	868,6	876,4	-1,90	-0,2
<i>Asalariado/a sector público</i>	187,4	195,2	199,3	11,90	6,4
<i>Asalariado/a sector privado</i>	691	673,4	677,1	-13,90	-2,0

Contrato indefinido					
Asalariados/as	645,8	659,9	661,8	16,00	2,5
Asalariado/a sector público	139,5	142	141,1	1,60	1,1
Asalariado/a sector privado	506,3	517,9	520,7	14,40	2,8
Contrato temporal					
Asalariados/as	232,5	208,7	214,6	-17,90	-7,7
Asalariado/a sector público	47,9	53,2	58,2	10,30	21,5
Asalariado/a sector privado	184,6	155,5	156,4	-28,20	-15,3
Taxa de temporalidade					
Asalariados/as	26,5	24,0	24,5		
Asalariado/a sector público	25,6	27,3	29,2		
Asalariado/a sector privado	26,7	23,1	23,1		

Fonte: EPA.INE

Mentres no sector privado descenden as persoas asalariadas con contrato temporal un 15,3% (28.200 menos), e medran as asalariadas con contrato indefinido un 2,8% (14.400 persoas máis), no sector público o incremento da contratación indefinida foi do 1,1%(1.600 persoas máis); e as asalariadas con contrato temporal medraron un 21,5%, 10.300 persoas máis.

A taxa de temporalidade no sector público alcanza o 29,2 da poboación asalariada.

Así, a taxa de temporalidade media sitúase no 24,5%, 2 puntos porcentuais menos que no ano 2019; sendo a temporalidade no sector público (29,2%) moi superior á do sector privado, que se sitúa no 23,1%.

Aínda que os datos amosan unha temporalidade alta e moito maior no sector público, o certo é que no sector privado aproveitaron a pandemia para despedir/ non renovar a moitos traballadores que estaban temporais nas empresas, mentres que no sector público se contrataron un número importante de persoas para precisamente facer fronte á pandemia, contratos temporais maioritariamente. Isto deu maioritariamente en sanidade e educación, aínda que tamén na administración xeral.

Por sexos, a taxa de temporalidade acadou o 22,2% dos homes e o 26,8% das mulleres no ano 2021. Con respecto a 2019 baixou máis entre os homes que entre as mulleres por teren estas un maior peso no sector público.

No que atinxe ao tipo de xornada, produciuse un descenso importante entre as persoas asalariadas con xornada a tempo parcial, e un incremento das de a xornada completa.

O 14,5% das persoas traballan a xornada parcial

Poboación asalariada segundo tipo de xornada e tipo de contrato.

	2019	2020	2021	Variación 21/19	
				Absoluta	%
Total	878,3	868,6	876,4	-1,90	-0,2
<i>Contrato indefinido</i>	645,8	659,9	661,8	16,00	2,5
<i>Contrato temporal</i>	232,5	208,7	214,6	-17,90	-7,7
Completa					
Total	740,4	743,7	748,7	8,30	1,1
<i>Contrato indefinido</i>	570,9	582,9	585,2	14,30	2,5
<i>Contrato temporal</i>	169,5	160,7	163,5	-6,00	-3,5
Parcial					
Total	138	124,9	127,7	-10,30	-7,5
<i>Contrato indefinido</i>	75	76,9	76,6	1,60	2,1
<i>Contrato temporal</i>	63	48	51,1	-11,90	-18,9

Fonte: EPA.INE

Se cruzamos tipo de xornada con tipo de contrato, medrou o persoal asalariado a xornada completa e contrato indefinido, e descendeu o de xornada parcial con contrato temporal.

No ano 2019, o 15,7% dos asalariados/as traballaban a xornada parcial; no ano 2021 esta porcentaxe descendeu ata o 14,5%.

Por sexo, aínda que descendeu máis a parcialidade entre as mulleres, en termos globais, o 23,4% das mulleres teñen contratos a xornada parcial, fronte aos 6,1% dos homes.

A pesar de baixar a temporalidade no emprego, mantense unha alta rotación do mesmo, xa que para a maioría dos asalariados/as con contrato temporal a duración do contrato é moi escasa.

No 40,5% das persoas asalariadas con contrato temporal, este é inferior aos 3 meses.

Poboación asalariada con contrato temporal segundo a duración do contrato.

	Temporal			
	2019	2020	2021	
<i>Galiza</i>				<i>%/total</i>
<i>Total</i>	232,5	208,7	214,6	
<i>Menos de 3 meses</i>	91	78,8	87	40,54
<i>De 3 a 5 meses</i>	53,3	45,5	46,4	21,62
<i>De 6 a 11 meses</i>	43,7	41	41,5	19,34
<i>De 1 ano a menos de 2 anos</i>	20,4	22,6	18	8,39
<i>De 2 anos a menos de 3 anos</i>	8	7,5	7	3,26
<i>De 3 anos a menos de 6 anos</i>	9,2	6,7	7,5	3,49
<i>6 anos ou máis</i>	6,9	6,6	7,1	3,31

Fonte: EPA.INE

En máis do 62% das persoas con contrato temporal no ano 2021, a duración do contrato foi inferior aos 5 meses.

No 40,5% non chegou aos 3 meses.

A escasa duración dos contratos, xunto co elevado número de contratos rexistrados de duración temporal, explica a elevada rotación destes. No ano 2021 rexistráronse 827.641 contratos de duración temporal a repartir entre 214.600 persoas asalariadas, o que nos dá unha media de 3,8 contratos por persoa.

Contratos

O número de contratos sempre é moi elevado en Galiza debido á alta temporalidade e á elevada rotación dos contratos, o que fai que unha única persoa poida asinar un elevado número de contratos ao longo do ano. Neste contexto, para avaliar a evolución, débese ter en conta no tanto o número global, senón cal é a modalidade que se modifica, xa que os resultados son moi distintos. Nos últimos anos, a evolución foi a seguinte.

Evolución dos contratos segundo duración

	2008	2010	2019	2020	2021	Variación 21/19	
						Absoluta	%
<i>Total contratos iniciais</i>	752.516	671.277	1.042.935	716.513	872.427	-170.508	-16,3%
<i>De duración indefinida</i>	46.423	52.272	47.269	36.100	44.188	-3.081	-6,6%
<i>Temporais</i>	706.093	619.005	995.666	680.413	828.239	-167.427	-17,8%
<i>Conversiones a</i>	41.654	21.000	43.186	32.704	45.787	2.601	6,1%

<i>indefinidos</i>		.				
		5				
		8				
		3				
Total contratos	794.170	6	1.086.121	749.217	918.214	-167.907
		9				
		3				
		.				
		3				
		6				
		5				

Fonte: SEPE

Logo da crise económica de 2008/09, produciuse unha importante redución da contratación, tanto da indefinida como da temporal, que non se volverá incrementar ata o ano 2012. A crise provocada pola pandemia fixo que en 2020 se volvese rexistrar unha caída, neste caso abrupta, dos contratos rexistrados, para no ano 2021 volver incrementarse a contratación.

Con respecto a 2020 aumentaron os contratos de todas as modalidades, pero con respecto a antes deste última crise só se rexistraron máis contratos convertidos a indefinidos que no ano 2019. Tanto os temporais como os indefinidos aínda están en valores moi inferiores a esta data.

A redución da contratación temporal ten que ver, tanto coa menor actividade económica, como co axuste que fixeron as empresas, despedindo ou non renovando a traballadores con contrato temporal no ano 2020. Aínda que durante 2021 se incrementou este tipo de contratos, non foi ao nivel previo á pandemia.

As modalidades máis utilizadas no último ano, por tipo de xornada, amósanse na táboa seguinte.

Contratos segundo modalidade e tipo de xornada.

	2021			
	Total	A tempo completo	A tempo parcial	Fixo descontinuo
<i>Total de contratos rexistrados</i>	918.214	594.686	316.198	7.330
<i>Total de contratos iniciais</i>	872.427	563.067	303.895	5.465
<i>Indefinido ordinario e fomento do emprego</i>	44.188	27.078	11.675	5.435
<i>De obra ou servizo</i>	275.310	191.049	84.261	0
<i>Eventual por circunstancias</i>	457.347	277.115	180.232	0

<i>da produción</i>				
<i>Interinidade</i>	80.636	55.563	25.073	0
<i>En prácticas</i>	4.082	3.205	877	0
<i>Para a formación</i>	3.431	3.431	0	0
<i>Outros</i>	7.433	5.626	1.777	30
<i>Conversións a indefinidos</i>	45.787	31.619	12.303	1.865

Fonte: SEPE

Sumando indefinidos iniciais e convertidos a indefinidos, acádase o 9,8% do total, o que amosa a alta temporalidade do mercado laboral galego.

As modalidades máis usadas son os eventuais por circunstancias da produción. Preto do 50% -concretamente o 49,8%- foron inscritos baixo esta modalidade de contratación. Os de obra ou servizo, co 30% dos inscritos, son os segundos máis utilizados.

No que atinxe ao tipo de xornada, a máis usada é a xornada a tempo completo (64,7%), seguido da parcial, co 34,4%. A fixo-descontinua só foi usada no 0,8% dos contratos inscritos.

A escasa duración dos contratos é outra das características dos contratos rexistrados en Galiza.

Contratos rexistrados segundo duración.

<i>Total</i>	886.709	
<i>Indefinidos</i>	47.333	
<i>Temporais</i>	839.376	%/ temporais
<i>Menos de 1 semana</i>	248.281	29,6
<i>De 1 semana a 1 mes</i>	111.027	13,2
<i>De 1 a 6 meses</i>	166.714	19,9
<i>De 6 meses a 1 ano</i>	23.364	2,8
<i>Máis de 1 ano</i>	2.309	0,3
<i>Indeterminado</i>	287.681	34,3

Fonte: SEPE

O 42,8% dos contratos temporais tivo unha duración inferior ao mes, con preto do 30% que non chegou á semana.

O 30% dos contratos rexistrados no ano 2021 duraron menos dunha semana.

Estas porcentaxes quedan deslucidas polo feito de que hai un 34,3% de contratos temporais dos que non se sabe, a priori, a súa duración. Se se coñecese este dato, estaríamos, con toda seguridade, falando de porcentaxes moito maiores.

O 62,7% non chegan aos 6 meses; do resto non se coñece o límite.

Este datos amosan un ano máis a alta fragmentación do mercado laboral en Galiza, cunha porcentaxe importante da poboación, entrando e saíndo continuamente do mercado de traballo, sen ningunha estabilidade, condenada a unha precariedade total en mans da arbitrariedade das empresas ao abeiro da lexislación vixente.

Poboación parada.

A covid tamén afectou ás estatísticas. As persoas en ERTE por covid en ningún momento foron consideradas paradas no servizo público de emprego, mais porén si como perceptoras de prestacións por desemprego, o que incrementou as taxas de cobertura ata niveis nunca acadados. Por outro lado, durante o confinamento, renovar a condición de parado/a tivo dificultades. Esta singularidade, fai que os datos de paro rexistrado que achega o SEPE, e sobre todo as taxas de cobertura, teñan un nesgo importante.

Persoas paradas inscritas no SEPE.

	2019	2020	2021
<i>Xaneiro</i>	174.800	167.755	185.984
<i>Febreiro</i>	173.709	166.229	185.228
<i>Marzo</i>	170.841	174.861	180.719
<i>Abril</i>	166.226	191.629	170.778
<i>Maio</i>	160.805	191.082	165.306
<i>Xuño</i>	155.249	184.654	157.718
<i>Xullo</i>	150.921	175.311	151.934
<i>Agosto</i>	153.820	176.951	151.264
<i>Setembro</i>	156.984	176.574	153.054
<i>Outubro</i>	164.307	181.307	154.045
<i>Novembro</i>	165.659	187.472	152.747
<i>Decembro</i>	165.308	189.587	152.584

Fonte: SEPE

A liña de evolución do ano 2020 marca claramente o atípico que foi ese ano. No 2021, recupérase a variación habitual, esa variación que marca unha liña en forma de V aberta. Certo é que neste último ano, desde o verán, o desemprego aumentou en menor media que nos anos precedentes.

Os datos da EPA, tamén amosa a mesma tendencia, redución no ano 2021.

Persoas paradas.

	Total			Variación 21/19	
	2019	2020	2021	Absoluta	%
<i>Total</i>	145,9	146,7	143,1	-2,80	-1,9
<i>Homes</i>	69,1	69,5	67,7	-1,40	-2,0
<i>Mulleres</i>	76,8	77,2	75,4	-1,40	-1,8

Fonte: EPA.INE

Con respecto a 2019, hai rexistradas 2.800 persoas paradas máis, que se reparten a partes iguais entre homes e mulleres.

Taxa de paro segundo sexo.

	Taxa de paro		
	2019	2020	2021
<i>Total</i>	11,8	12	11,7
<i>Homes</i>	10,7	10,9	10,6
<i>Mulleres</i>	12,8	13,2	12,8

Fonte: EPA.INE

A taxa de paro alcanza ao 11,7% da poboación activa. 12,8% no caso das mulleres, 10,6% no caso dos homes.

Como vimos ao principio deste documento, esta redución do desemprego non se debe a un incremento da poboación ocupada, senón a un medre da inactiva, como se analiza no apartado seguinte.

Poboación inactiva

O incremento da poboación inactiva ten a súa explicación no importante medre dos estudantes e das persoas que perciben unha prestación, sexa esta ou non de xubilación.

Persoas inactivas segundo situación de inactividade.

	Total			<i>Variación 21/19</i>	
	2019	2020	2021	Absoluta	%
<i>Total</i>	1.094,20	1.118,10	1.112,70	18,50	1,7
<i>Estudiante</i>	152,8	164,1	183,6	30,80	20,2
<i>Xubilado/a</i>	521,1	523,3	532,2	11,10	2,1
<i>Labores da casa</i>	197,8	211,9	178,7	-19,10	-9,7
<i>Incapacitado/a permanente</i>	90,8	86,2	79,4	-11,40	-12,6
<i>Percibindo unha pensión distinta da xubilación</i>	111,1	110,3	117,4	6,30	5,7
<i>Outra</i>	8,9	9,8	12	3,10	34,8
<i>Non sabe. Non refire</i>	11,7	12,5	9,4	-2,30	-19,7

Fonte: EPA.INE

O medre máis importante correspóndese coas persoas estudantes, xa que se estima que no ano 2021 houbo 30.800 máis que no ano 2019, un medre do 20,2%.

Tamén cómpre destacar o importante aumento das persoas pensionistas, 17.400 persoas máis entre xubilados/as e perceptores doutro tipo de prestación.

Estes incrementos víronse compensados polos descenso estimados das persoas inactivas por labores do fogar (19.100 menos) e por incapacidade permanente.

Dentro do incremento da poboación inactiva, as mulleres son maioría (60%), pero ao contrario do que ocorrera no ano 2020, que aumentarían as mulleres como labores do fogar, durante 2021 produciuse un forte descenso neste colectivo (15.400 menos), e medrou fortemente o número de estudantes e xubiladas.

Ingresos salariais

Os datos de ingresos salariais, ao proceder da Axencia Tributaria e ser extraídos das declaracións da renda, van con un ano de retraso respecto aos outros datos do documento. Pero dada a importancia que teñen ao ser datos de ingresos reais, e non estimacións estatísticas, entendemos que é ben introducilos neste documento. Os últimos datos, polo tanto, son os correspondentes ao ano 2020.

Este ano de análise, 2020, a crise sanitaria provocada pola covid alterou notabelmente o mercado de traballo. Nos distintos estados de alarma decretados polo Goberno, establecéronse medidas para garantir certos ingresos ás persoas que viron suspendida a súa actividade económica, os coñecidos como ERTE. Isto ten un efecto directo nesta estatística, xa que unha parte importante de traballadores –concretamente 196.619 en Galiza-, durante unha parte do ano. deixaron de ter ingresos por salarios e pasaron a telos por prestacións, o cal afecta aos ingresos medios anuais, que baixan, e pola contra medran os ingresos por prestacións. É polo tanto un ano “atípico” tamén para esta estatística.

Os ERTE tiveron unha incidencia moi desigual segundo a rama de actividade onde traballen as persoas.

Distribución da poboación asalariada e SMA, segundo actividade económica e situación de ERTE ou non ERTE. Ano 2020

	TOTAL		NO ERTE		ERTE		% ERTE	% total ERTE
	Asal	SMA	Asal	SMA	Asal	SMA		
<i>Galiza</i>								
<i>Total sectores</i>	1.023.742	19.900	827.123	21.222	196.619	14.340	19,2	100,0
<i>S. primario</i>	25.524	15.619	24.846	15.627	578	15.276	2,3	0,3
<i>Industria extractiva, enerxía e auga</i>	10.660	29.233	9.122	30.690	1.539	20.595	14,4	0,8
<i>Industria</i>	132.182	21.870	93.766	22.104	38.416	21.299	29,1	19,5
<i>Construción e actividades inmobiliarias</i>	78.127	18.868	66.024	19.004	12.103	18.121	15,5	6,2
<i>Comercio, reparacións e</i>	227.888	18.227	171.716	19.393	56.172	14.664	24,6	28,6

<i>transporte</i>								
<i>Información e comunicacións</i>	22.076	25.771	19.859	26.760	2.216	16.908	10,0	1,1
<i>Entidades financeiras e aseguradoras</i>	19.652	34.417	19.004	35.123	648	13.722	3,3	0,3
<i>Servizos ás empresas</i>	133.608	15.593	116.022	15.635	17.586	15.310	13,2	8,9
<i>Servizos sociais</i>	263.821	26.074	250.166	26.943	13.655	10.157	5,2	6,9
<i>Outros servizos persoais e de ocio</i>	110.304	8.500	56.598	8.376	53.706	8.631	48,7	27,3

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos: Mercado de Tráballo e Pensións nas Fontes Tributarias. Axencia Tributaria.

A crise económica provocada pola pandemia si se manifestou de maneira moi desigual nas distintas actividades económicas que conforman o noso tecido produtivo. Sen dúbida, a rama outros servizos persoais e de ocio foi a máis afectada; o 48,7% das persoas empregadas nesta pasou por un ERTE ao longo do ano 2020. De feito o 27,3% do total das persoas que pasaron por un ERTE pertencen a esta rama de actividade. Neste rama, ao caracterizarse por unha gran precariedade no emprego, con moita temporalidade e rotación, o ERTE beneficiounas, xa que lles garantiu unha maior continuidade no emprego (unha das esixencias para poder acollerse a un ERTE) a pasar o período do ERTE, e polo tanto uns ingresos máis estábeis; de feito superaron os dos seus homólogos que non pasaron por un ERTE.

Distinto acontece no sector industrial, a segunda rama con maior porcentaxe de persoas traballadoras que pasaron por un ERTE, o 29,1%. Neste caso, os ingresos si se viron prexudicados; a estabilidade no emprego é moito maior nesta rama, e polo tanto pasar ao desemprego unha parte do ano supón reducir ingresos.

Comercio, reparación e transporte foi a terceira rama máis afectada, onde o 24,6% das persoas pasaron por un ERTE. Neste caso tamén viron reducidos os ingresos.

En xeral, nas ramas de actividade con maior rotación e temporalidade no emprego, pasar por un ERTE, beneficiou economicamente as persoas traballadoras nas devanditas ramas, o que di moito das precarias condicións laborais nas que viven habitualmente.

Globalmente, esta situación freou a leve recuperación de ingresos medios que se viña producindo desde o ano 2014, logo das fortes redución que xerara a crise económica do ano 2009. Xa que, de media, os ingresos medios anuais aumentaron apenas un 0,10% no ano 2020 con respecto a 2019, o que se pode considerar un estancamento.

Tamén, durante 2020, se agravou outro dos problemas xa endémicos do noso mercado laboral: a desigualdade. Desde o ano 2009, viñamos asistindo a unha crecente polarización do mercado de traballo, en que descendía a poboación de maiores ingresos e se incrementaba a de menores. Neste último ano esta tendencia agudizouse.

No ano 2009 o 26,5% da poboación percibía ingresos inferiores ao SMI; en 2019, o 34,5%. No ano 2020 foron o 39,2%.

No lado oposto da táboa, con ingresos superiores a 7,5 veces o SMI: no ano 2009 situábase o 1,6% da poboación asalariada; no ano 2020 esta porcentaxe reduciuse ao 0,4% do total.

Pero no ocorre o mesmo cos ingresos. Os ingresos da poboación situada na parte máis alta da táboa (máis de 10 veces o SMI) medraron o dobre que o dos restantes grupos. De feito, o SMA dunha persoa situada neste intervalo de ingresos equivalía, no ano 2009, a 67 da parte máis baixa da táboa (menos da metade do SMI); no ano 2020 esta equivalencia aumentou ata 93.

O 39,3% da poboación asalariada obtivo ingresos inferiores ao SMI no ano 2020; no ano 2019, fora o 34,5%.

Poboación asalariada e SMA, evolución desde o 2009.

Tramos de salario	2009		2019		2020		Variación 2019/2020		%
	Asa	SMA	Asal	SMA	Asal	SMA	Asal	SMA	
<i>Total</i>	1.092.731	18.217	1.056.283	19.876	1.023.742	19.900	- 32.541	284	- 3,1
<i>De 0 a 0,5 SMI</i>	158.709	1.947	187.633	2.681	203.606	2.970	15.973	289	8,5
<i>De 0,5 a 1 SMI</i>	131.733	6.597	175.984	9.595	198.563	10.131	22.579	536	12,8
<i>De 1 a 1,5 SMI</i>	159.154	11.055	254.424	15.761	232.145	16.750	- 22.279	989	- 8,8

<i>De 1,5 a 2 SMI</i>	206.880	15.305	172.399	21.704	148.712	22.879	- 23.687	1 . 1 7 5	- 13,7
<i>De 2 a 2,5 SMI</i>	131.141	19.443	86.756	28.096	77.503	29.738	- 9.253	1 . 6 4 2	- 10,7
<i>De 2,5 a 3 SMI</i>	82.188	23.841	68.358	34.411	64.167	36.320	- 4.191	1 . 9 0 9	- 6,1
<i>De 3 a 3,5 SMI</i>	57.605	28.317	41.591	40.761	38.904	42.947	- 2.687	2 . 1 8 6	- 6,5
<i>De 3,5 a 4 SMI</i>	42.870	32.624	23.987	46.845	20.112	49.449	- 3.875	2 . 6 0 4	- 16,2
<i>De 4 a 4,5 SMI</i>	34.144	37.074	13.138	53.539	11.746	56.310	- 1.392	2 . 7 7 1	- 10,6
<i>De 4,5 a 5 SMI</i>	27.641	41.335	9.060	59.655	8.052	62.874	- 1.008	3 . 2 1 9	- 11,1
<i>De 5 a 7,5 SMI</i>	42.838	51.579	17.687	74.463	15.822	78.354	- 1.865	3 . 8 9 1	- 10,5
<i>De 7,5 a 10 SMI</i>	11.459	74.444	3.109	106.332	2.565	112.528	- 544	6 . 1 9 6	- 17,5

Más de 10 SMI	6.068	129.633	2.157	258.179	1.845	276.669	- 312	1 8 . 4 9 0	- 14,5
---------------	-------	---------	-------	---------	-------	---------	-------	----------------------------	--------

Fonte: elaboración propia a partir dos datos: Mercado de Traballo e Pensións nas Fontes Tributarias. Axencia Tributaria.

No que atinxe ao SMA, aumentou en todos os intervalos da distribución, en grande medida debido ao medre do SMI, que no ano 2020 acadou os 13.300 euros anuais, fronte aos 12.600 do ano 2019; 50€ mensuais máis que teñen unha repercusión directa nesta táboa de ingresos ao estar a poboación distribuída en función deste.

O número de asalariados/as só aumentou entre a poboación con ingresos inferiores ao SMI; a partir de aquí, e en cada un dos intervalos, produciuse un descenso da poboación asalariada. Así, a situación en 2020 queda:

- O 19,9% da poboación asalariada tivo uns ingresos inferiores á metade do SMI, concretamente inferiores a 2.970€ brutos ao ano. No ano 2019, a poboación situada neste tramos de ingresos era o 17.8%.
- Con ingresos entre a metade e o SMI, sitúase o 19,4% da poboación asalariada. No ano anterior era o 16,7%,
- A poboación con ingresos por debaixo do SMI, aumentou preto de 5 puntos en só un ano. Do 34,5% en 2019 ao 39,3 en 2020.
- A partir de ingresos superiores ao SMI, descendeu a poboación en todos os tramos.
- En canto ao SMA, aínda que medrou en todos os tramos (na meirande parte polo medre do SMI), os maiores incrementos rexistráronse nos grupos de menores e maiores ingresos. No grupo inferior da táboa, débese en parte aos ERTE -como explicamos antes-, nalgúns casos permitiron unha continuidade de ingresos, que senón non se daría.
- Os ingresos medios do grupo de poboación de maiores rendas continúa incrementándose. Cada vez son menos (no último ano reducíronse nun 14,5%), mais os seus ingresos cada vez son maiores: en 2020 medraron un 14,5%.

Desde o ano 2019, a Axencia Tributaria ofrece un módulo específico: módulo salarial ano completo

Para isto, crúzanse os datos da declaración á Axencia Tributaria cos da Seguridade Social. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS) facilita os días cotizados por cada relación laboral que tivo cada persoa no exercicio de estudo. Con esta información, estimouse o salario anual do exercicio completo das relacións laborais a nivel asalariado/a.

O SME (salario Medio Estimado) sería, pois o equivalente a traballar os 12 meses do ano a xornada completa, polo que o resultado amosa un salario moi superior aos ingresos reais que tamén a Axencia tributaria fornece, e que analizamos anteriormente.

O SME acadou de media os 25.884 euros no ano 2020, un 2% superior ao estimado para o ano 2019; sen embargo os ingresos reais medios da clase traballadora tan só medraron un 0,1%.

Natividad López Gromaz.

Gabinete Técnico Confederal

8 de febreiro de 2022